

## **ORDENANZA FISCAL N° 12: REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE MERCADO DE GANDO**

PUBLICACIONES:

INICIAL BOP 30/12/89

ADAPTACION L25/1998, BOP 31/12/98

MODIFICACION BOP 29/12/2012

ULTIMIA MODIFICACION 26/12/2013

### **Concepto**

**Art. 1º.-** - De acordo co disposto nos art. 15 a 19 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), este Concello establece a taxa pola utilización dos servizos do mercado de gando que se especifica no seguinte artigo.

A presente taxa derívase igualmente da normativa que se contén na Lei 25/98, do 13 de Xullo, modificadora do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de reordenamento das Prestacións de Carácter Público.

### **Obxecto**

**Art. 2º.-** Son obxecto desta taxa:

- a) A entrada de todo tipo de gando no mercado que leve parella a utilización dos espazos destinados ó gando e servizos inherentes.
- b) O servizo de pesada en báscula.
- c) A entrada de vehículos no recinto do mercado.
- d) A utilización de locais e espazos reservados do recinto.

### **Obriga de pagamento**

**Art. 3º.-** 1. A obriga de pagamento da taxa regulada na presente ordenanza nace coa entrada de gando ou vehículos no recinto, coa prestación do servizo de pesada e coa utilización de locais e espazos do recinto.

2. O prezo por entrada de vehículos comprende a utilización de, peiraos de carga e descarga, a circulación polos viais interiores do mercado e o estacionamento nos lugares reservados.

3. Ten a obriga de pagamento os titulares ou posuidores dos vehículos e usuarios dos locais e espazos do recinto.

### **Contía**

**Art. 4º.-** A contía da taxa regulada na presente ordenanza fixarase conforme ás seguintes tarifas:

- I.- Entrada de gando:

Vacún maior e mediano, por res: 0,311 €  
Vacún menor (becerros), por res: 0,156 €  
Equino (cabalar, mular, asnal), por res: 0,156 €  
Ovino e caprino, por res: 0,156 €.  
Porcino de ceba, por res: 0,156 €.  
Porcino de cría, por res: 0,062 €.  
II.- Entrada de vehículos e estacionamento:  
Vehículos de transporte de gando: 0,156 €.  
Vehículos de transporte mercadorías varias: 0,156 €.  
Turismos: 0,062 €.  
O estacionamento de vehículos fóra do recinto do mercado,  
en terreo municipal habilitado para o efecto, será obxecto de  
pagamento polo mesmo prezo.  
III.- Servizo de peso:  
Por pesada en balanza, para cada animal ou res: 0,062 €.  
IV.- Utilización de locais e espazos do recinto:  
Postos de venda, por m2 /día : 1,60 €  
Furgóns de venda, por día: 1,244 €.  
Locais de venda e outros, por m2 /día : 0,30 €.  
Exposicións de maquinaria, por día: 0,622 €.

### **Normas de administración**

**Art. 5º.** - 1. As transaccións e operacións comerciais propias do mercado de gando realizaranse no interior das naves; en ningún caso nos acesos, entradas ou estacionamentos.

2. O gando situarase nos boxes, e o maior nos amarradeiros.

### **Pagamento**

**Art. 6º.**- A taxa á que se refire a presente ordenanza será satisfeita polos interesados no momento de entrada no mercado, de realizarse a pesada ou no comezo do uso de locais e recintos, xustificándose o pagamento mediante o recibo correspondente.

### **Infraccións e sancións**

**Art. 7º.**- No relativo á cualificación das infraccións polo mal uso ou inadecuado das instalacións do mercado, serán sancionadas con multa pola Presidencia, na forma e contías previstas nas disposicións legais e regulamentares en vigor.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

### **Disposición final**

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013, substitúe e derroga ó da anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de

aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.